

O FUTURO PÉNSASE, ADÉSTRASE, CRÉASE



Que necesitas entender hoxe
para decidir mellor mañá?

AKADEMIA
FUTURE BUILDERS

un programa da Fundación Innovación Bankinter
para explorar as grandes transformacións que están
a redefinir o mundo no que vas vivir e traballar.

Algunhas das preguntas que marcarán o teu futuro aínda non teñen resposta.

Como cambiará a intelixencia artificial a túa profesión?

Que impacto terá a bioloxía sintética na forma en que vivimos?

De onde virá a enerxía que moverá o mundo?

Que cambios transformarán os sectores nos que traballarás?

Como tomar decisións nun mundo que cambia cada vez máis rápido?

Como afectarán os recursos naturais á economía e á innovación?

Estás rematando a universidade nun momento de transformación acelerada. As decisións que tomarás nos vindeiros anos estarán condicionadas por cambios que xa están a ocorrer ao teu redor.

Entender estes cambios non consiste en predicir o futuro, senón en ampliar a túa perspectiva para decidir mellor.

Empeza a exploralos hoxe. Adiántate.

Aprende a facerche as preguntas adecuadas.

Nun mundo onde a información é abundante, saber formular boas preguntas marca a diferenza.

Akademia Future Builders é unha experiencia para comprender as transformacións que están a redefinir a nosa sociedade, conectar coñecementos de distintos ámbitos e desenvolver criterios para tomar mellores decisións nunha contorna cada vez máis complexa.



**AKADEMIA
FUTURE BUILDERS**
é para ti se...



Non importa o que estudes.

O importante é a túa curiosidade por entender o mundo que vén e atopar o teu lugar nel.

- Che interesa entender como evolucionará o mundo nos vindeiros anos.
- Queres ampliar a túa forma de pensar.
- Che gusta aprender máis aló dos límites da túa disciplina.
- Buscas novas perspectivas para o teu desenvolvemento profesional.
- Queres compartir a experiencia con persoas tan curiosas coma ti.

Cada gran transformación abre unha oportunidade

Novas formas de traballar, novas industrias e novas maneiras de xerar impacto.

A nova era da intelixencia

Que ocorre cando a intelixencia deixa de ser exclusivamente humana?

Un planeta baixo presión

Como prosperar nun mundo con recursos limitados?

A enerxía que moverá o século XXI

Como produciremos e consumiremos enerxía nas próximas décadas?

Todo conectado

Que significa vivir nun mundo onde persoas, máquinas e sistemas están permanentemente interconectados?

Programando a vida

Que sucede cando aprendemos a deseñar organismos vivos?

As tecnoloxías que fan posibles as demais

Por que os materiais, os chips e as infraestruturas tecnolóxicas están a redefinir industrias enteiras?



Aprende. Comparte. Conecta.

Akademia Future Builders non é só un programa: é unha comunidade de estudantes curiosos e inquietos, con ganas de entender mellor o mundo e conectar ideas.

Durante o programa

- Participarás en 7 sesións en liña en directo.
- Aprenderás con expertos de distintos ámbitos e empresas referentes.
- Compartirás ideas con estudantes de disciplinas moi diferentes.
- Descubrirás novas perspectivas sobre o teu futuro profesional.
- Formarás parte dunha comunidade de estudantes e alumni de toda España.



Empezamos desde cero. Non necesitas coñecementos previos sobre intelixencia artificial, enerxía, bioloxía ou tecnoloxía. Só curiosidade, ganas de aprender e unha actitude aberta para explorar novas ideas.





"O programa deume acceso a
profesionais cos que desenvolver o
talento, compartir ideas e crecer".

Hugo Torres

(Enxeñería da Enerxía, UPM).

"É unha oportunidade moi boa para
estudantes con moita curiosidade
que queren buscar máis aló".

Santiago Amarza

(Arquitectura, Universidade de Málaga).

"Akademia Future Builders
espertoume as ganas de innovar,
descubrir, investigar e atopar
unha solución".

Marta García-Vallaure

(Data&AI, Universidade Carlos III).

Gustaríache formar parte de Akademia?

1 **Datas de inscrición**
Do 7 ao 25 de setembro de 2026

2 **Elixo o horario que mellor te encaixe**

Martes

16:00 h – 17:30 h

13, 20 e 27 de outubro.
3, 10, 17 e 24 de novembro

Mércores

12:30 h – 14:00 h

14, 21 e 28 de outubro.
4, 11, 18 e 25 de novembro

Venres

12:00 h – 14:00 h

16, 23 e 30 de outubro.
6, 13, 20 e 27 de novembro

7 sesións en liña en total

3 **É para ti?**

Para estudantes de... último curso de grao, máster, doutoramento e mozos investigadores, independentemente da disciplina que estean a estudar.

4 **Proceso de selección**

Prazas limitadas: Tras unha primeira avaliación das candidaturas recibidas, os perfís preseleccionados serán convidados a unha entrevista persoal.

Inscrición

Solicita a túa praza

Escanea o QR para inscribirte.





Programa gratuito para os candidatos
seleccionados xa que está financiado ao
100% pola **Fundación Innovación Bankinter**.

O FUTURO NON SE ESPERA: PÉNSASE, ADÉSTRASE, CRÉASE

UC | Universidad
de Cantabria



UNIVERSIDAD
DE GRANADA



Universidad
de La Laguna



Universidad
LOYOLA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



UNIVERSIDAD
DE SEVILLA
1505



VNIVERSITAT
ID VALÈNCIA



UNIVERSITAT
POLITÈCNICA
DE VALÈNCIA

Universida de Vigo